

ANEXO PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO FÍSICA E QUÍMICA

IES DAVID BUJÁN

CURSO 2021/2022

Modificación da programación didáctica para a adaptación á Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

Os criterios sobre a avaliación e cualificación do alumnado de Física e Química da ESO queda da seguinte forma:

En cada unha das tres avaliacións a nota calcularase do seguinte xeito:

- 80% ás probas escritas, cuxo valor resultará de facer a media ponderada tendo en conta o número de unidades didácticas que se avalíen en cada proba durante o trimestre
- 20% ás cualificacións de clase e/ou as prácticas de laboratorio

En cada avaliación, a media ponderada resultante debe ser 5 como mínimo para que o alumno sexa declarado apto.

No período lectivo entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria o alumnado realizará actividades de reforzo e/ou de ampliación.

Antes da avaliación ordinaria, todo o alumnado poderá realizar unha proba final para mellorar a súa nota.

A nota da avaliación ordinaria será calculada do seguinte xeito:

- 80% á unha das seguintes opcións: nota media aritmética das probas escritas de cada unha das tres avaliacións ou nota da proba escrita a realizar antes da avaliación ordinaria
- 20% á media aritmética das cualificacións de clase e/ou prácticas de laboratorio de cada un dos catro períodos lectivos: as tres avaliacións e o período posterior á 3ª avaliación